

LECTURA

Balbordo na COCIÑA



Cando chegou a hora da comida, na cociña non había ninguén que non estivese preparado:


- ¡1, 2, 3, arriba!, berrou o prato á culler, ao coitelo e ao garfo. Os tres colocábanse sempre sobre el para facer a viaxe ata a mesa.

O vaso e a xerra xa estaban listos. Os dous espertaban a admiración do resto, formaban un equipo perfecto. O momento de servir o viño era moi complicado e tiñan que coordinarse moi ben para non manchar á mesa, que era moi delicada. Aínda que, para protexela xa estaban o mantel e a súa compañeira a servilleta:

- ¡No permitiremos xamais que ningunha mancha se saia coa súa!, berraban.

E a mesa sorría agradecida.

Como vedes todos os utensilios son importantes e necesarios, todos se complementan e traballan xuntos en harmonía, non obstante, as cousas non foron sempre así... Non volo credes? Pois contareivos o que pasou o día no que todo cambiou:



Esa mañá, na cociña, armouse un gran balbordo. Os utensilios estaban a discutir sobre quen era máis importante. O garfo, que sempre estaba a picar, falou en nome dos rapaces:

- Rapazas, vós facedes ben voso traballo pero nós somos máis importantes, tedes que recoñecelo. Vós estades para axudarnos e, sen nós, non poderíades facer nada.

A culler deseguida contestou:

- Iso é unha parvada. Todo o mundo sabe que nós realizamos o noso traballo igual, mesmo mellor ca vós e que se algún faltase algún día, conseguiríamos substituílo sen que se notase.

O coitelo indignado cortouna rapidamente:

- ¡A nosa superioridade está cientificamente demostrada, por iso, seguiremos sendo nós os que mandemos sobre a cubertería e a vaixela á hora de comer!

A xerra, na posición que tomaba cando se enfadaba, coas mans na cintura e mirándoo fixamente aos ollos, díxolle:

- ¡Iso haberá que velo! Cando queirades demostrármosvos que podemos apañarnos sen vós!

O vaso, aínda que era bastante tímido, encheuse de orgullo e tamén falou:

- ¿Sabedes unha cousa?, mentres non aceptedes que nós somos máis importantes, negarémonos a asistir á mesa e a ver que facedes sen nós!

- ¡Iso, iso!, berraron os demais rapaces.

- Ides ter que suplicarnos que volvamos, dixo o prato.

- Non esteades tan seguros, contestoulle a culler.

Os rapaces, moi galiños, encerráronse no armario a esperar e a observar o que pasaba.

O saleiro, coa súa graza habitual, comentou:

- Xa veredes o mal que o pasan esas sosas á hora da comida. Enriba hai asado! Ao mellor, a culler, que ten moita cabeza, convence á carne para que se corte soa!

- Ha,ha,ha,ha, riron todos.

A verdade é que as rapazas estaban bastante preocupadas, non lles gustaba esta situación pero tiñan que demostrar que eran igual de valiosas.

Reuníronse para organizarse e, entre todas, foron encontrando solucións ao problema:


As primeiras en presentarse foron dúas brochetas que estaban moi unidas, e que dixeron que elas podían facer perfectamente o traballo do garfo.

A bandexa tróuxose á escudela para substituír ao prato, e varias servilletas uníronse para formar un gran mantel. Mesmo unha tarrina moi coqueta se presentou para substituír ao saleiro.

- Pequenas, contade comigo para a bebida -dixo, presumida como sempre, a copa- ou acaso crestes que a que é fina e elegante só vale para os días de festa.

Xusto nese momento apareceu a navalla, que coa súa lingua afiada lle dixo:

- ¡Outras non somos tan finas, pero, aínda que eu sexa de campo, poderei substituír ao coitelo!



Cando ao día seguinte chegou a hora de comer, a comida foi desenvolvéndose sen ningún problema. Os rapaces, dende o armario, esperaban impacientes que algo saíse mal... Y tanto esperaron que desesperaron.

O mantel, que era o máis intelixente, foi o primeiro en falar:

- Rapaces, non vedes que estamos a facer o ridículo, temos que recoñecer que nos temos equivocado”,- e saíu do armario para irse coa mesa.


O garfo, picado no seu amor propio, tivo que recoñecer que as rapazas conseguiran sacar adiante a comida, eles non eran tan indispensables como se pensaban!

Un a un, foron saíndo, salvo o cazo, que se empeñaba en non se unir a “as rapazas”. Ata que a sopeira lle dixo:

- Ven aquí, cabezón!, que ninguén serve a sopa coma ti. Non te dás conta que, aínda que puidésemos sacar adiante esta comida, podémolo facer mellor colaborando e traballando todos e todas en común. Ningún é máis necesario que os demais, todos debemos complementarnos para ser verdadeiramente útiles.

Iso foi o que pasou aquel día na cociña e que fixo que todos aprendesen unha importante lección.

Dende entón, nesa casa, nunca se volveu discutir quen era máis ou menos importante.





Manos  Unidas